



MEMORIA FUNCIONAL XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

A relación de postos de traballo (RPT) é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas.

A través da relación de postos de traballo a correspondente administración pública procura organizar, racionalizar e ordenar o persoal en orde a facilitar unha eficaz prestación de servizos públicos.

Nesta modificación da RPT propoñemos a creación de postos na subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, nos Equipos de Valoración da Dependencia e da Discapacidade e nos equipos de Protección do Menor das xefaturas territoriais. Esta creacións resultan imprescindibles para dar un servizo de calidade nos mencionados departamentos. Tamén propoñemos a modificación de seis postos de director/a de Centro Sociocomunitario para adaptala á realidade vixente.

En virtude do exposto, propoñemos as creacións e modificacións de postos que se relacionan a continuación.

CREACIÓNS:

1- Secretaría xeral técnica: subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais:

No exercicio da labor inspectora verificarase o nivel de calidade dos servizos sociais que se prestan e poderá propoñerse a adopción de medidas cautelares así como o inicio de expedientes sancionadores, en relación coas entidades prestadoras de servizos sociais, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Así tamén, correspóndelle a inspección de servizos sociais a investigación e contestación das queixas e reclamacións que presenten as persoas usuarias neste ámbito.

A xustificación da necesidade da creación de novas prazas de persoal inspector ven dada polo elevado número dos distintos centros e programas obxecto de inspección que ven incrementando notablemente o seu volume nos últimos anos. As causas deste incremento son a continua creación de novos centros e a incesante incorporación de novas persoas usuarias aos



distintos recursos, motivada polo maior envellecemento da poboación e o maior grado de dependencia asociado a este envellecemento.

Así mesmo, cómpre investigar todas as denuncias, queixas ou reclamacións presentadas, de acordo co procedemento establecido na Orde do 12 de xaneiro de 2022, pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de servizos sociais (códigos de procedemento BS105A e BS105B).

Tamén cabe destacar o constante número de peticións de informes doutros organismos como xulgados, Ministerio Fiscal e Valedora do Pobo e a significativa presión mediática que rodea aos centros de maiores, fai que esta labor inspectora sexa cada vez mais relevante e supón que o volume de traballo aumente considerablemente.

A subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais conta actualmente cun total de 14 inspectores/as. Na área de maiores e discapacidade hai 6 inspectores para uns 1000 centros, na área de maiores temos 4 inspectores para 700 centros, na área de inclusión social 3 que atenden aproximadamente a 30.000 persoas usuarias e un inspector/a máis dedicado/a á tramitación de expedientes sancionadores.

Dada a clara insuficiencia de recursos para desenvolver a actividade inspectora de servizos sociais dun modo conveniente e efectivo, propónse a creación na RPT de **10 postos de Inspector/a, Subgrupo A1/A2/C1, nivel 25_25, xeral, AXG, área funcional INS** dependentes da subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, coa seguinte distribución:

Ámbito Territorial	Nº Postos
Provincial	
A CORUÑA	1
LUGO	4
OURENSE	4
PONTEVEDRA	1

Todas os postos deben incluír como formación específica o permiso de conducir B (código 954) (RI) e o curso de inspección de servizos sociais (código 240) (mérito).

2- Dirección xeral de Persoas con Discapacidade: subdirección xeral de Recursos e Equipamentos de Apoio á Discapacidade.

A entrada en vigor da Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, incorpora no seu articulado unha serie de disposicións no eido da xurisdición voluntaria que están afectando seriamente o funcionamento da dirección xeral. En concreto, a carga de traballo aumentou





exponencialmente debido a que determinados xulgados de primeira instancia e instrución da provincia están a requirir de forma masiva a realización de informes en procedementos de incapacitación e/ou xurisdición voluntaria.

Trátase de realizar informes sobre as eventuais medidas de apoio a prestar ás persoas intervinientes en procedementos xudiciais derivados da entrada en vigor da dita lei, todos eles a contestar nun curto prazo de tempo (entre cinco e dez días).

Polo exposto, propónse a creación **dun posto de Traballador/a social, Subgrupo A2, nivel 18 (CE nivel 18), EMS5, AXG**, no servizo de Recursos e Equipamentos para a Discapacidade da subdirección xeral de Recursos e Equipamentos de Apoio á Discapacidade.

3- Xefaturas Territoriais.

1. Equipos de Valoración da Dependencia e da Discapacidade.

Os procedementos de recoñecemento oficial da discapacidade e dependencia son requisitos indispensables para o acceso a un amplo sistema de protección social formado por numerosos servizos públicos, beneficios fiscais, prestacións e axudas económicas.

Dado o actual estado do procedemento do recoñecemento das situacións de dependencia e asignación de recursos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) en relación ao número de persoas pendentes de valoración e tramitación, así como aquelas persoas con dereito recoñecido pendentes de recibir atención a través dun recurso do sistema, constátase a necesidade de poñer en marcha un conxunto de medidas de mellora co obxectivo de reducir os tempos de espera e mellorar o actual procedemento e a atención, aumentando tanto a cobertura de atención actual, como o número de persoas con dereito recoñecido atendidas.

O recoñecemento do grao de discapacidade é o procedemento que permite a acreditación legal da condición de persoa con discapacidade, requisito para poder acceder a diferentes recursos, melloras nas condicións e numerosas axudas sociais como multitude de prestacións económicas, axudas para a educación, emprego e formación, beneficios fiscais, acceso a vivenda, transporte, familia, xustiza, tarifas especiais, etc.

Co obxectivo de mellorar a igualdade e a oportunidade no acceso a uns servizos básicos de calidade, sustentables e alcanzables, con especial atención ás persoas que requiren de maiores apoios para a participación activa en todos os ámbitos da sociedade e para mellorar os tempos de resposta ante as solicitudes e a atención aos colectivos máis vulnerables é necesario contar cun maior número de efectivos de persoal técnico e administrativo.





O persoal técnico de valoración da dependencia está formado por profesionais médicos, psicólogos, traballadores sociais e terapeutas ocupacionais. Os terapeutas ocupacionais realizan valoracións a domicilio en diferentes puntos da provincia, utilizando como medio de transporte un vehículo polo que, necesitan ter carné de conducir.

O persoal técnico de valoración da discapacidade está formado por profesionais médicos, psicólogos e traballadores sociais.

Por todo o anterior, propónse a creación dos seguintes postos:

Xefatura territorial da Coruña:

Equipo de Valoración da Dependencia

1 posto de Terapeuta ocupacional, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE 590,94 €)**, EMS6, AXG. Formación específica permiso de conducir B (código 954) (R.I.). Observacións: Itinerante.

1 posto de médico/a, Subgrupo **A1, nivel 22 (CE nivel 23)**, ESS1, AXG.

1 posto de psicólogo/a, Subgrupo **A1, nivel 22, (CE nivel 23)**, ESS2, AXG.

1 posto de traballador/a social, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE 590,94 €)**, EMS5, AXG.

Equipo de Valoración da Discapacidade

1 posto de médico/a, Subgrupo **A1, Nivel 22, (CE nivel 23)**, ESS1, AXG.

1 posto de psicólogo/a, Subgrupo **A1, Nivel 22, (CE nivel 23)**, ESS2, AXG.

1 posto de traballador/a social, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE 590,94 €)**, EMS5, AXG.

Xefatura territorial de Lugo:

Equipo de Valoración da Dependencia

1 posto de Terapeuta ocupacional, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE 590,94 €)**, EMS6, AXG. Formación específica permiso de conducir B (código 954) (R.I.). Observacións: Itinerante.

1 posto de médico/a, Subgrupo **A1, Nivel 22, (CE nivel 23)**, ESS1, AXG.

1 posto de psicólogo/a, Subgrupo **A1, Nivel 22, (CE nivel 23)**, ESS2, AXG.

1 posto de traballador/a social, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE 590,94 €)**, EMS5, AXG.

Equipo de Valoración da Discapacidade

1 posto de médico/a, Subgrupo **A1, Nivel 22, (CE nivel 23)**, ESS1, AXG.

1 posto de psicólogo/a, Subgrupo **A1, Nivel 22, (CE nivel 23)**, ESS2, AXG.

1 posto de traballador/a social, Subgrupo **nivel 20 (CE 590,94 €)**, EMS5, AXG.





Xefatura territorial de Ourense:

Equipo de Valoración da Dependencia

1 posto de Terapeuta ocupacional, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE 590,94 €)**, EMS6, AXG. Formación específica permiso de conducir B (código 954) (R.I.). Observacións: Itinerante.

1 posto de médico/a, Subgrupo **A1, Nivel 22, (CE nivel 23)**, ESS1, AXG.

1 posto de psicólogo/a, Subgrupo **A1, Nivel 22, (CE nivel 23)**, ESS2, AXG.

1 posto de traballador/a social, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE 590,94 €)**, EMS5, AXG.

Equipo de Valoración da Discapacidade

1 posto de médico/a, Subgrupo **A1, Nivel 22, (CE nivel 23)**, ESS1, AXG.

1 posto de psicólogo/a, Subgrupo **A1, Nivel 22 (CE nivel 23)**, ESS2, AXG.

1 posto de traballador/a social, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE 590,94 €)**, EMS5, AXG.

Xefatura territorial de Vigo:

VIGO: Equipo de Valoración da Dependencia

1 posto de Terapeuta ocupacional, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE 590,94 €)**, EMS6, AXG. Formación específica permiso de conducir B (código 954) (R.I.). Observacións: Itinerante.

1 posto de médico/a, Subgrupo **A1, Nivel 22 (CE nivel 23)**, ESS1, AXG.

1 posto de psicólogo/a, Subgrupo **A1, Nivel 22 (CE nivel 23)**, ESS2, AXG.

1 posto de traballador/a social, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE 590,94 €)**, EMS5, AXG.

PONTEVEDRA: Equipo de Valoración da Discapacidade

1 posto de médico/a, Subgrupo **A1, Nivel 22, (CE nivel 23)**, ESS1, AXG.

1 posto de psicólogo/a, Subgrupo **A1, Nivel 22 (CE nivel 23)**, ESS2, AXG.

1 posto de traballador/a social, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE 590,94 €)**, EMS5, AXG.

2. Equipos técnicos de Menores.

O aumento da carga de traballo que experimentan outros servizos sociais esenciais como son os equipos de menores dependentes dos Servizos de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, fan necesario incrementar o cadro de persoal nalgunhas provincias.

Os Equipos Técnicos do Menor teñen carácter multidisciplinar e desenvolven, entre outras, as seguintes funcións:





- a) O desenvolvemento dos programas preventivos e de intervención que elabore e poña en marcha a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- b) A recepción dos casos de menores que se poidan atopar nunha situación de desprotección e a investigación e avaliación da súa situación persoal, familiar, educativa e social.
- c) A elaboración do plan de actuación e elevación á xefatura territorial da proposta de actuación máis axeitada para cada menor, así como a execución e seguimento das medidas que fosen adoptadas.
- d) A valoración técnica da idoneidade dos solicitantes de acollemento familiar e de adopción, e a elevación ao delegado provincial das correspondentes propostas.

Xefatura territorial da Coruña:

- Proponse a creación de **2** postos de Traballador/a social, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE nivel 22)**, EMS5, AXG, con formación específica permiso de conducir B (código 954) (R.I.). Estes traballadores sociais desprázanse aos domicilios, centros de menores e centros educativos nos que residen ou estudan os menores para comprobar as condicións nas que se atopan e valorar as medidas de actuación máis axeitadas para cada menor.

Xefatura territorial de Lugo:

- Proponse a creación de **1** posto de Traballador/a social, Subgrupo **A2, nivel 20 (CE nivel 22)**, EMS5, AXG, con formación específica permiso de conducir B (código 954) (R.I.). Estes traballadores sociais desprázanse aos domicilios, centros de menores e centros educativos nos que residen ou estudan os menores para comprobar as condicións nas que se atopan e valorar as medidas de actuación máis axeitadas para cada menor.

MODIFICACIÓNS:

1. Xefaturas territoriais:

Nos postos coa denominación «Director/a de Centro Social», dos Centros Sociocomunitarios da Pobra do Caramiñal, Vilalba, O Porriño, Redondela, Tui e Bouzas, figura a observación "dispoñibilidade horaria". En todos os casos citados a observación engadiuse en virtude dunha sentenza na que se lle recoñecía este complemento aos seis traballadores que ocupaban estes postos. Actualmente, so tres destes traballadores continúan ocupando o posto no que se lles





recoñeceu o complemento (Pobra do Caramiñal, Vilalba e Redondela), polo que para adaptar a RPT á realidade vixente propoñemos que os seis postos queden coas seguintes observacións:

CENTRO	COD_POSTO	OBSERVACIÓNS
CENTRO SOCIOCOMUNITARIO A POBRA DO CARAMIÑAL	PSC994070115660001	XORNADA PARTIDA // HORARIO ESPECIAL // FUNCÍONS DE DIRECCIÓN E ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL // CANDO SEXA VACANTE ELIMINAR DISPOÑIBILIDADE HORARIA.
CENTRO SOCIOCOMUNITARIO VILALBA	PSC994070127640001	XORNADA PARTIDA // HORARIO ESPECIAL // FUNCÍONS DE DIRECCIÓN E ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL // CANDO SEXA VACANTE ELIMINAR DISPOÑIBILIDADE HORARIA.
CENTRO SOCIOCOMUNITARIO O PORRIÑO	PSC994070136380001	XORNADA PARTIDA // HORARIO ESPECIAL // FUNCÍONS DE DIRECCIÓN E ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL
CENTRO SOCIOCOMUNITARIO REDONDELA	PSC994070136440001	XORNADA PARTIDA // HORARIO ESPECIAL // FUNCÍONS DE DIRECCIÓN E ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL // CANDO SEXA VACANTE ELIMINAR DISPOÑIBILIDADE HORARIA.
CENTRO SOCIOCOMUNITARIO TUI	PSC994070136540001	XORNADA PARTIDA // HORARIO ESPECIAL // FUNCÍONS DE DIRECCIÓN E ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL
CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE BOUZAS	PSC994070536560001	XORNADA PARTIDA // HORARIO ESPECIAL // FUNCÍONS DE DIRECCIÓN E ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

